

Titulacións do SUG	Vías de acceso LOXSE					Opción COU			
	1	2	3	4	5	A	B	C	D
Enxeñeiro técnico agrícola, especialidade en explotacións agropecuarias	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico agrícola, especialidade en hortofruticultura e xardinaria	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico agrícola, especialidade en industrias agrarias e alimentarias	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico agrícola, especialidade en mecanización e construcións rurais	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico en deseño industrial	*			*	*	*		*	
Enxeñeiro técnico forestal, especialidade en explotacións forestais	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico forestal, especialidade en industrias forestais	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en electricidade	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en electrónica industrial	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en mecánica	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en química industrial	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico en informática de sistemas	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico en informática de xestión	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico naval, especialidade en estruturas mariñas	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico naval, especialidade en propulsión e servizos do buque	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico de obras públicas, especialidade en transportes e servizos urbanos	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico de obras públicas, especialidade en construcións civís	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico de telecomunicación, especialidade en sistemas de telecomunicación	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico de telecomunicación, especialidade en son e imaxe	*	*				*	*		
Enxeñeiro técnico en topografía	*					*			
Mestre, especialidade de audición e linguaxe	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Mestre, especialidade de educación especial	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Mestre, especialidade de educación física	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Mestre, especialidade de educación infantil	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Mestre, especialidade de educación musical	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Mestre, especialidade de educación primaria	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Mestre, especialidade de lingua estranxeira	*	*	*	*	*	*	*	*	*

As vías do bacharelato e as opcións do curso de orientación universitaria (COU) que figuran no cadro anterior son as seguintes:

\* Vías do bacharelato:

1. Científico-tecnolóxica.
2. Ciencias da saúde.
3. Humanidades.
4. Ciencias sociais.
5. Artes.

\* Opcións do COU:

- A. Científico-tecnolóxica.
- B. Biosanitaria.
- C. Ciencias sociais.

#### D. Humanidades.

Para o alumnado que teña superadas as probas de acceso á universidade no ano académico 2003-2004 ou posteriores non será de aplicación a vinculación das opcións de COU recollidas neste anexo III. Para este alumnado terase en conta a vía ou vías de acceso polas que concorre á proba.

Cando no conxunto de materias optativas cursadas polo alumno, na súa opción de COU, figuren as obrigatorias doutra, terá os dereitos de preferencia que conceden as dúas opcións (só alumnado de COU que teña superadas ás PAAU no ano académico 2002-2003 ou anteriores).

A vinculación das titulacións universitarias coa vía de acceso cursada no bacharelato e coa opción cursada no COU regúlase pola O.M. do 30 de maio de 1995 (BOE do 7 de xuño), O.M. do 26 de decembro de 1996 (BOE do 10 de xaneiro de 1997), O.M. do 28 de agosto de 1998 (BOE do 9 de setembro), O.M. do 6 de maio de 1999 (BOE do 8 de maio), O.M. do 25 de novembro de 1999 (BOE do 30 de novembro), O.M. do 27 de xuño de 2000 (BOE do 4 de xullo) e O.M. do 14 de maio de 2001 (BOE do 22 de maio).

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

*Corrección de erros.-Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2005 as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2000-2006.*

Advertidos erros na orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 247, do mércores, 22 de decembro de 2004, deben facerse as seguintes correccións:

Na páxina 17.858, no artigo 3º, punto 2, onde di: «...leite UHT ou esterilizado, adegas de viño de mesa con denominación de orixe e novas adegas ...»; debe dicir: «...leite UHT ou esterilizado, adegas de viño de mesa en denominación de orixe e novas adegas ...».

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declara a Praia das Catedrais como monumento natural.*

A Praia das Catedrais, situada no extremo oriental da provincia de Lugo dentro do termo municipal de Ribadeo, está constituída por unha serie de pequenos cantís e praias distribuídos en dirección leste-oeste ao longo dunha superficie de arrasamento

moi plana denominada rasa litoral cantábrica. A intensa erosión exercida polo mar sobre estes cantís, formados fundamentalmente por xistos e lousas, iníciase nas zonas de debilidade estrutural dando lugar progresivamente a un sistema de covas, bufadores e xigantescos arcos que forman un conxunto de extraordinaria beleza. Na parte superior dos cantís, os escasos predios dedicados á produción agrícola intercálanse entre unha boa representación de uceiras -toxais aerohalinos nos que destaca a presenza de *Erica vagans*, especie que en Galicia está restrinxida a algúns puntos do seu extremo setentrional. Estas uceiras secas costeiras de *Erica vagans* constitúen un hábitat prioritario segundo a Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.

Estes recursos naturais necesitan dunha protección que asegure a súa conservación compatible co uso público e gozo da natureza neste espazo, tal como se sinala na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

A protección e conservación do noso patrimonio natural é un mandado recollido no artigo 45 da vixente Constitución española e unha necesidade para asegurar a supervivencia dos nosos ecosistemas.

A citada Lei 9/2001, do 21 de agosto, define no seu artigo 13 a figura de monumento natural como aqueles espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial, así como as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

As competencias en materia de protección do ambiente e da paisaxe foron conferidas á Comunidade Autónoma de Galicia polo artigo 27.30º do Estatuto de autonomía e asumidas pola Xunta de Galicia a través do Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño.

Por esta razón e por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de xaneiro de dous mil cinco,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Establécese un réxime xurídico especial para o espazo denominado Praia das Catedrais, mediante a súa declaración como monumento natural, de acordo co establecido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Este réxime xurídico especial oriéntase á protección e conservación dos importantes valores naturais que coexisten en canto á singularidade da súa xea, fauna e flora, así como á dos seus propios ecosistemas e hábitats naturais, e beleza da súa paisaxe.

#### Artigo 2º

O monumento natural ten unha superficie de 28,94 ha e os seus límites, representados gráficamente no anexo I e cuxas coordenadas se relacionan no anexo II, son os seguintes:

Polo sur e no seu extremo occidental, comeza no punto no que a estrada costeira cruza o rego de Vigo, seguindo por este vial cara ao leste ata o punto con coordenadas x: 649.001,24 e y: 4.824.050,23, onde xira cara ao norte ata o punto con coordenadas x: 648.995,64 e y: 4.824.163,30, que coincide co marco número 748 do deslinde do dominio público marítimo terrestre. Desde aquí continúa polo de linde do dominio público marítimo terrestre, pasando do marco número 746 ao 736 e do 734 ao 732, ata o punto con coordenadas x: 650.029,13 e y: 4.824.415,94, coincidente co marco número 659 do deslinde. Desde aquí prolóngase mar a fóra, en dirección noroeste, ata o punto con coordenadas x: 649.952,00 e y: 4.824.516,00, seguindo cara ao oeste ata o punto con coordenadas x: 649.096,00 e y: 4.824.340,00 e prolongándose ata o punto con coordenadas x: 648.430,00 e y: 4.824.400,00. Desde aquí, cara ao sur, ata a desembocadura do rego de Vigo, seguindo pola marxe dereita do seu leito ata a estrada costeira.

#### Artigo 3º

No ámbito do monumento natural da Praia das Catedrais establécense as seguintes medidas de protección:

1ª O réxime xurídico aplicable aos terreos perententes ao dominio público marítimo-terrestre e das súas zonas de servidume verá determinado pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e polo seu regulamento de desenvolvemento e execución (R.D. 1471/1989, do 1 de decembro), e as normas urbanísticas aplicables, sen prexuízo das prohibicións que se establezan con carácter xeral para todo o ámbito do monumento natural.

2ª Prohíbese en todo o ámbito do monumento natural:

- a) Os campamentos e acampadas.
- b) Os desmontes e terrapléns.
- c) Os vertedoiros e verteduras de calquera tipo.
- d) As queimas.
- e) A colocación de anuncios publicitarios, agás os que teñan relación coa defensa e sinalización do propio monumento natural.
- f) A extracción de area.
- g) A instalación de infraestruturas que menoscaben a calidade paisaxística do contorno.
- h) Os aproveitamentos mineiros da xea presente na área.
- i) A construción de edificacións permanentes de calquera tipo.
- j) A recolección de especies de flora e fauna silvestre sen autorización da Consellería de Medio Ambiente.

3ª Fóra dos camiños e vías existentes, só se permitirá o estacionamento e circulación de vehículos e maquinaria propios da actividade agrícola, forestal ou para o servizo das instalacións públicas existentes.

4ª Quedarán prohibidas ademais, todas aquelas accións que poidan supoñer a destrución ou alteración dos hábitats naturais identificados na área como de especial interese ou prioritarios de acordo co disposto na Directiva 92/43/CEE.

#### Artigo 4º

A Consellería de Medio Ambiente instará a suspensión de toda actividade que non dispoña de autorización preceptiva, non se axuste ás condicións desta ou incumpra as prescricións deste decreto.

#### Artigo 5º

A infracción do réxime de protección establecido para o monumento natural no artigo 3 deste decreto e nas normas que se deriven do plano de conser-

vación que o desenvolve, serán sancionadas de acordo co disposto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza ou nas normas que, se é o caso, a substitúan ou demais disposicións que a teor da natureza da infracción resulten aplicables.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Medio Ambiente para ditar as disposicións necesarias para desenvolver este decreto.


Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de xaneiro de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Manuel Barreiro Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente

### ANEXO I



## ANEXO II

Coordenadas UTM dos límites descritos no artigo 2º (mar e marcos do deslinde do dominio público marítimo terrestre):

Marco	X	Y
Mar 1	648.430,00	4.824.400,00
Mar 2	649.096,00	4.824.340,00
Mar 3	649.952,00	4.824.516,00
659	650.029,13	4.824.415,94
660	649.994,90	4.824.413,45
661	649.968,56	4.824.419,04
662	649.952,77	4.824.406,01
663	649.934,08	4.824.406,31
664	649.879,37	4.824.396,15
665	649.873,56	4.824.384,03
666	649.872,96	4.824.368,49
667	649.866,61	4.824.365,57
668	649.851,08	4.824.373,57
669	649.776,01	4.824.355,45
670	649.779,09	4.824.346,93
671	649.868,39	4.824.323,79
672	649.871,57	4.824.310,32
673	649.845,72	4.824.306,59
674	649.791,91	4.824.323,61
675	649.740,57	4.824.337,29
676	649.719,96	4.824.324,93
677	649.691,71	4.824.314,12
678	649.693,98	4.824.295,73
679	649.743,40	4.824.262,54
680	649.803,56	4.824.246,42
681	649.831,73	4.824.184,54
682	649.801,81	4.824.177,02
683	649.792,64	4.824.169,25
684	649.768,00	4.824.189,16
685	649.753,33	4.824.196,35
686	649.727,58	4.824.203,84
687	649.722,43	4.824.218,13
688	649.697,44	4.824.225,35
689	649.682,85	4.824.218,59
690	649.645,64	4.824.219,37
691	649.618,39	4.824.194,33
692	649.604,71	4.824.201,41
693	649.620,91	4.824.246,63
694	649.603,59	4.824.252,49
695	649.606,65	4.824.291,76
696	649.594,29	4.824.344,29
697	649.554,54	4.824.338,30
698	649.537,21	4.824.329,25
699	649.514,30	4.824.338,18
700	649.492,37	4.824.334,73
701	649.460,77	4.824.340,10
702	649.434,92	4.824.310,66
703	649.372,40	4.824.288,42
704	649.333,23	4.824.253,93
705	649.342,59	4.824.238,66
706	649.344,39	4.824.217,79
707	649.296,61	4.824.191,58
708	649.289,26	4.824.202,09
709	649.289,34	4.824.217,05
710	649.282,87	4.824.237,49
711	649.290,01	4.824.250,90
712	649.285,88	4.824.258,06
713	649.257,74	4.824.242,75
714	649.253,64	4.824.231,51
715	649.243,14	4.824.228,80
716	649.241,04	4.824.231,40
717	649.228,66	4.824.223,42
718	649.217,50	4.824.209,60
719	649.209,28	4.824.209,07
720	649.187,76	4.824.219,49
721	649.177,40	4.824.236,49
722	649.171,26	4.824.234,63
723	649.164,67	4.824.237,48
724	649.145,46	4.824.222,35
725	649.145,56	4.824.208,52

Marco	X	Y
726	649.169,27	4.824.191,72
727	649.191,93	4.824.185,49
728	649.191,66	4.824.176,73
729	649.175,75	4.824.173,37
730	649.166,37	4.824.183,99
731	649.140,99	4.824.181,87
732	649.123,04	4.824.188,06
734	649.106,77	4.824.168,36
735	649.099,29	4.824.164,58
736	649.094,42	4.824.165,22
746	649.082,41	4.824.165,22
747	649.027,43	4.824.164,55
748	648.995,64	4.824.163,30
Terra 1	649.001,24	4.824.050,23

### CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Orde do 27 de xaneiro de 2005 pola que se establecen as bases que rexen as axudas e subvencións para o exercicio de 2005, para a contratación por parte das entidades locais de traballadores desempregados beneficiarios do Programa Labora: xuventude con experiencia e do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, e pola que se procede á súa convocatoria.*

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta Comunidade Autónoma asumiu as funcións e os servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 23/2003, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e o Decreto 301/2004, do 22 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais asume o exercicio das competencias e funcións que ata o momento lle correspondían á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Correspóndelle agora a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están o Programa de fomento do emprego no ámbito da colaboración coas entidades locais, cos órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos, comunidades autónomas, universidades e institu-